

## **Exemplos de textos con dous fallos para preparar a pregunta 1 da proba PAU.**

1-Comentouse no Consello dos Reis (en 1579) como debían titularse (... ) Algúns membros deste Consello votaban que se titulasen reis e señores de España, pois (... ) eran señores da meirande parte dela, e así o fixeron, e tituláronse en todas as cartas: Os reis católicos, pola graza de deus, reis e señores de Castela, do Sacro Imperio, de León, de Aragón, de Sicilia, de Toledo, de Valencia, de Galicia.....

Hernando do Pulgar Crónica dos Reis Católicos .1481-1490.

2-O reinado de Felipe II, a diferenza do seu pai, centralizouse desde Castela, poñendo a capital en Madrid. Ao perder o territorio imperial a favor do seu tío, Felipe centrouse na administración das posesións hispánicas continuando as guerras contra os protestantes encontra o Imperio Otomán. Neste sentido destacan as súas campañas contra os anglicanos flamencos e o seu fracaso na invasión de Inglaterra coa derrota da Gran Armada en 1588. Todo isto a pesar da boa xestión do tesouro americano para financiar as continuas guerras nas que estaba envolta a Monarquía Hispánica.

3-A colonización americana produciu a chamada revolución dos prezos que foi moi beneficiosa para economía da Monarquía Hispánica debido ao auxe das exportacións coa metrópole. A administración das colonias se facía mediante unha serie de institucións entre as que destacan a Casa de Contratación, o Cosello de Indias e unha serie de leis específicas para América como as Leis Novas e as Leis de Burgos. A man de obra empregada polos colonizadores foron principalmente indíxenas explotados polo sistema de encomenda e escravos africanos introducidos empregando as teses de Ginés de Sepúlveda.

4-O conde-duque de Olivares, valido de Felipe IV, redacta O Gran Memorial para analizar a situación da Coroa e as posibles opcións de mellora. Entre as conclusións máis destacables cabe sinalar a necesidade de restarlle poder a nobreza e o clero, mellorar o comercio con América mediante a aplicación dunha política mercantilista e a Unión de Armas que consistiría en uniformar por igual os diferentes privilexios forais e que o gasto militar recaese nas rendas obtidas de América, sen dúbida o factor diferencial que podería provocar a vitoria na Guerra dos Trinta Anos (1618-1648)

5-A Guerra de Sucesión foi un dos conflitos máis importantes de comezos do s. XVIII. Onde a Casa de Borbón e a casa de Habsburgo pugnaban polo control da monarquía Hispánica debido a morte se n descendencia de Carlos II. Este conflito implicou a varias potencias lideradas por Francia e Reino Unido, que trataba de impedir a hexemonía da primeira esgrimindo a Teoría do equilibrio continental. Non so supuxo un enfrontamento internacional senón tamén entre dous modelos políticos, o foralismo borbónico e o absolutismo da Casa de Asutria. A clara vitoria dos Borbóns se referendou no Tratado de Utrecht sen repercusións para a Coroa de Aragón, que apoiou ao bando Habsburgo.

6-A abolición dos privilexios forais da Coroa de Castela mediante os Decretos de Nova Planta por parte de Filipe V de Borbón supón o inicio do absolutismo monárquico. Ademais disto se promulga a Lei Sálica para regular a Sucesión da Coroa, se implanta o castelán como lingua administrativa, se crea a figura dos Secretarios de Despacho. A uniformización supuxo tamén a extinción dos foros vascos e Navarros.

## **Exemplos de textos con dous fallos para preparar a pregunta 1 da proba PAU.**

7-Denomínase Reformismo borbónico aos cambios implementados pola nova dinastía reinante a partir de 1700 baseados no establecemento dunha monarquía absoluta, a centralización administrativa e, na segunda metade do s.XVIII, co Despotismo ilustrado, na aplicación do ideario ilustrado coa intención de elevar o nivel cultural e científico-técnico do país coa intención de obter melloras no eido económico. Destacan neste plano Felipe V e Carlos IV. Neste sentido a construción do arsenal de Ferrol e a matrícula do mar por parte do Marqués de Floridablanca foron de especial importancia ao igual que a descentralización do comercio con América.

8-En España a Ilustración se afasta dos ideais revolucionarios e se limita basicamente a fomentar a aplicación das ciencias útiles (A Enciclopedia) e mellorar o sistema educativo pero co fin de reactivar e reformar a economía. A esta versión do absolutismo se lle denomina Despotismo Ilustrado. O Despotismo ilustrado consiste en tratar de mellorar o nivel económico do Estado a través de implementar melloras na produción artesanal e industrial creando as manufacturas reais, así como no campo mediante a aplicación das teses mercantilistas que viñan a substituír as fisiocráticas anteriores. Tamén se aplica o regalismo borbónico por parte dos Xesuítas coa intención de fortalecer o poder da Igrexa dentro da Coroa.

9-A muller ten un papel fundamental na sociedade moderna e ocupaba un lugar central nas estruturas de poder relacionadas coa sociedade tradicional estamental católica. As mulleres privilexiadas tiñan unha taxas de alfabetización máis altas que as mulleres non privilexiadas onde a situación das mulleres burguesas era mellor ca do resto dos grupos non privilexiados. Algunhas mulleres podían chegar a obter certo poder e influencia se chegaban a escalar na xerarquía eclesiástica chegando a abadesas dalgún mosteiro, xa que a estrutura eclesiástica eran un mundo que tendía ao igualitarismo.

10- A Galicia dos séculos XVI-XVII, ó igual co resto de territorios da Monarquía hispánica, presenta as características básicas do sistema feudal: sociedade estamental moi xerarquizada e con escasas oportunidades de ascenso social, desigual ante a lei e liderada por sectores privilexiados rendistas que son a nobreza e o clero organizados en señoríos territoriais e xurisdicionais sobre os seus feudos e viven fundamentalmente da cobranza de rendas ós campesiños que traballaban as terras destes.

Galicia durante o reinado dos Austrias destacaba por ser una economía agraria enfocada a exportación e de base feudal. Durante a crise do s. XVII, a introdución do millo e da pataca permitiu paliar en parte a crise demográfica en Galicia. Outro dos grandes avances produciuse cando os empresarios casteláns renovaron as técnicas de pesca.